



PLAN DE XESTIÓN ESPAZOCOOP 2019

Santiago a 7 de Febreiro de 2019

1. PROGRAMACIÓN OPERATIVA

Visibilizar o cooperativismo, incrementar a súa incidencia política e promover as relacións entre cooperativas

Liñas estratéxicas	1. Mellorar a comunicación externa cara as institucións e cara a cidadanía, cun tratamento especial ás outras cooperativas e entidades da Economía Social e Solidaria.
Accións operativas	Descrición
Organización evento con motivo da asemblea de Espazocoop	Valorar a celebración de Asembleas conxuntas no día da ES. Retomar proposta dun grande evento de Networking ou de visibilizar os temas de xénero.
Implementación do plan de comunicación externa	Implementación do plan de comunicación externa da unión

Liñas estratéxicas	2. Fomentar a intercooperación entre as cooperativas socias e coa propia Unión así como establecer alianzas e proxectos comúns con entidades cooperativas e da economía social e solidaria afíns, tanto galegas coma estatais e internacionais.
Accións operativas	Descrición
Consolidación do Foro Galego de Economía Social.	Consolidar e dar fórmula xurídica ao Foro pola Economía Social. Valorar a posta en marcha de actividades e estrutura propia acolléndose á liña de axudas de Eusumo.
Potenciar as actividades que fomenten a intercooperación	ES Meetings, mentoring, aceleradora, gran evento de networking, outras actividades de networking máis informal.....

Liñas estratéxicas	3. Incrementar a interlocución con diferentes institucións e acadar a representación de pleno dereito nos distintos consellos e foros onde se poidan tomar decisións a prol do cooperativismo e a economía social.
Accións operativas	Descrición
Elaborar documento de demandas para as eleccións locais	Realizar posicionamento do cooperativismo antes as eleccións municipais, con presentación perante os partidos políticos (ver o realizado por CEPES)
Participar no Consello de Economía Social	Constituirase este consello no que participaremos de forma activa.
Presentación de Espazo Coop	Deputacións de Ourense e Lugo 7 Cidades grandes Consellería de Cultura e Turismo.
Solicitar a inclusión como entidade beneficiaria dos programas de implantación da Prevención de Riscos Laborais	Orde do 20 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a accións de fomento da prevención de riscos laborais e se procede á súa convocatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2019

Liñas estratéxicas	4. Incrementar a base social da nova Unión, incorporando cooperativas de distintas clases e sectores, en especial as que non teñen representación.
Accións operativas	Descrición
Consolidar a sectorial de Ensino	1. Realización de visitas a cooperativas de ensino. 2. Xornada sectorial de ensino 3. Incorporación na asemblea de ACES de contidos técnicos. 4. Acción formativa coas Dirección e Presidencia.
Rodaxe da sectorial de Industrias Culturais	1. Organización dunha xornada das industrias culturais. 2. elaboración de dossier das magnitudes da sectorial. 3. Constituir comisión dinamizadora 4. Establecer interlocución perante a consellería de Cultura e outros organismos.
Creación sectorial de servizos	1, creación grupo 2.
Creación sectorial de Asesorías e Consultorías	1. Organización unha xornada interna. 2. Creación de marca COOP ASE COOP.
Campaña captación de asociados para o 2019	En base accións formativas vinculadas a lei de cooperativas Listado de cooperativas obxectivo Visitas directas Novas/os emprendedoras/es. Rescatar ideas do curso de Design Thinking
Implantación figura do titor/a de novas cooperativas	Asignar unha persoa do equipo técnico como titor/a de novas cooperativas e de cooperativas socias, en base a relación, dimensión e importancia, grao de confianza, etc.

Construír unha unión de cooperativas sostible e eficiente

Liñas estratéxicas	5. Buscar fontes de financiamento público en entidades e organismos distintos da Consellería de Economía e Emprego, así como fontes de financiamento privado alternativas. Presentar candidaturas a proxectos de fondos europeos e desenvolver programas conxuntos con cooperativas e outras entidades.
Accións operativas	Descrición
Diversificación na captación de fondos, tanto públicos como privados.	Posta en marcha de novos programas/actividades con distintas entidades (Deputacións, outros concellos, entidades privadas) co obxecto de diversificar na captación de fondos.
Implementar as contabilidades previsionais e de custos en base as novas ferramentas de software.	Incorporar unha ferramenta específica de contabilidade previsional derivada da contabilidade financeira e unha contabilidade de custos por proxectos en base a ferramenta FENG office
Establecer unha política de financiamento previsional que permita diversificar e cubrir posibles desfases de tesourería	Valorar ben as necesidades en función dos distintos programas e periodos de cobro para cubrir desfases.

Liñas estratéxicas	6. Incorporar mecanismos de mellora continua na organización do traballo. Avanzar na definición de funcións e responsabilidades da nova estrutura organizativa, así como na súa implementación e avaliación, promovendo a cohesión e o bo clima grupal, en coherencia cos principios, valores e obxectivos da organización.
Accións operativas	Descrición
Elaborar un plan de comunicación interna.	Definir un plan de comunicación interna entre o equipo técnico e co Consello Rector aproveitando as potencialidades das novas ferramentas.
Levar a cabo xornadas de traballo específicas do equipo técnico.	Desenvolvemento de sesións de traballo para avaliación e programación de actividades e redefinir funcións e responsabilidades do equipo técnico.
Posta en marcha do cuestionario periódico de avaliación do clima laboral.	Desenvolver e poñer en marcha unha avaliación periódica do clima laboral en base a un cuestionario elaborado ao efecto

Liñas estratéxicas	7. Investir na capacitación do equipo técnico e na mellora das infraestruturas e ferramentas de xestión.
Accións operativas	Descrición
Implantación intranet de xestión	Posta en marcha das novas ferramentas informáticas de soporte de xestión, nomeadamente FENG OFFICE
Incorporar novos recursos humanos bolseiros/persoal en prácticas e traballos fin de master para apoio a actividades.	Valorar a incorporación de persoas en prácticas, bolseiras, etc. Para o apoio á actividades e traballos administrativos que permitan liberar persoas do equipo para execución.
Estudio das necesidades de equipamento	Inventario e estudo das necesidades de equipamento: scanner, video, móbiles, etc.

Consolidación do asesoramento a grupos promotores e fortalecemento dos servizos para as cooperativas socias

Liñas estratéxicas	8. Crear un catálogo de servizos que atenda ás necesidades das cooperativas socias, dos grupos promotores e da divulgación da fórmula cooperativa, mellorando as estratexias de promoción de ditos servizos. Articular dito catálogo cos servizos prestados polas cooperativas socias e por outras institucións ou entidades, como a Rede Eusumo.
Accións operativas	Descrición
Elaborar un catálogo de servizos	Elaboración dun catálogo de servizos prestados por parte da Unión para entidades socias, outras entidades e cidadanía en xeral
Posta en marcha de actividades de formación, teleformación e divulgación da fórmula cooperativa, tanto para grupos promotores como das cooperativas socias. ** ver listado de actividades no Anexo	Programación e execución de obradoiros formativos, teleformación, divulgación e promoción da fórmula cooperativa ao abeiro dos distintos programas.
Elaboración de ferramentas específicas que contribúan a diferenciar a oferta formativa	Simulador empresarial cooperativo, píldoras formativas, plataforma de teleformación Espazocoop

Liñas estratéxicas	9. Dar resposta ás necesidades de asesoramento e de consultoría e impulsar novos programas e actividades formativas establecidos na estratexia de impulso do cooperativismo, dirixidos a cooperativas socias e a outras entidades da economía social.
Accións operativas	Descrición
Elaboración do Plan de servizos para cooperativas asociadas: formación e asesoramento. ** ver listado de actividades no Anexo	Teleformación, programa de bolseiros/as, formación especializada para a mellora da xestión, programa de mentoring intracooperativo, asesorá xurídica, etc.

Liñas estratéxicas	10. Revisión metodolóxica e mellora continua dos procesos de asesoramento e formativos. Unificación de contidos e metodoloxía. Elaboración de recursos e material para o equipo de asesoramento e docente.
Accións operativas	Descrición
Desenvolver un programa de formación para o equipo técnico en base as necesidades formativas detectadas	Levar a cabo actividades de formación interna e externa para o equipo técnico en base as necesidades formativas detectadas.
Unificación de contidos e metodoloxía dos distintos programas formativos impartidos pola Unión.	Posta en común e elaboración de materiais, ferramentas e metodoloxías.
Actualización dos recursos, manuais, modelos para o equipo de asesoramento e docente	Actualización en base aos cambios normativos e novas metodoloxías.

Acompáñase ANEXO co Catálogo de actividades 2019